

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Alcaldía

Recoñecemento de compatibilidade de cargos municipais en réxime de dedicación parcial

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2016, adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

<<4.º.-Solicitudes de recoñecemento de compatibilidade de cargos municipais en réxime de dedicación parcial.

1.º.-Recoñecer aos concelleiros e concelleiras que a continuación se relaciona a compatibilidade do exercicio dos seus cargos de concelleiros delegados en réxime de dedicación parcial, coas actividades públicas e privadas que se indica:

A D.ª Zeltia García Ben, concelleira delegada do Servizo de Deportes, co exercicio das actividades privadas de traballo como contratada fixa do Clube Ximnasia Tempo, en horario de 17.00 a 21.00 horas, luns, martes, mércores e venres, e de de 10.00 h. a 14.00 horas os sábados.

A D.ª Isabel Reimúndez Suárez, concelleira delegada do servizo de Servizos Sociais e Igualdade, co exercicio das actividades privadas de traballo como contratada fixa de OYSHO España S.A., cun horario de 24 horas semanais repartidas en tres días.

A D. Miguel Tenreiro Bouza, concelleiro delegado de Admón. Local, Obras e Servizos, co exercicio das actividades públicas do seu posto de funcionario de carreira da Xunta de Galicia, en horario de 7.45 a 15.15 horas, luns, mércores e venres.

A D.ª Raquel Bolaño Fariña, concelleira delegada de Educación, Xuventude e Saúde, co exercicio das actividades privadas de traballo como contratada fixa de SIGNO EDITORES JM, S.L., en horario de 9.45 a 14.45 horas.

2.º.-Os anteriores recoñecementos de compatibilidade quedan condicionados a que as respectivas actividades se desenvolvan en todo momento en horario non coincidente co das funcións correspondentes aos respectivos cargos de concelleiro delegado, e non supoñan en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes do concelleiro>>.

Sada, 04 de febreiro de 2016.

O alcalde

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

2016/915

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Alcaldía

Recoñecemento de compatibilidade á concelleira delegada D^a María Pardo Fafián para o exercicio do seu cargo municipal en réxime de dedicación parcial con actividades públicas

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de novembro de 2016, adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

<<6º.- Proposición da Alcaldía sobre recoñecemento de compatibilidade á concelleira delegada D^a María Pardo Fafián para o exercicio do seu cargo municipal en réxime de dedicación parcial con actividades públicas.

1º.- Recoñecer a D^a. María Pardo Fafián, concelleira delegada de Cultura e Praias, a compatibilidade do exercicio deste cargo en réxime de dedicación parcial, coas actividades públicas do seu posto de funcionaria de carreira do Concello de Bergondo, en horario en horario de 8:30 h. a 15:00 h. de luns a venres e os xoves de 15:15 a 17:45, segundo se reflicte na documentación remitida por dito concello.

2º.- Dito recoñecemento de compatibilidade queda condicionado a que as respectivas actividades se desenvolvan en todo momento en horario non coincidente co das funcións correspondentes ao cargo de concelleiro delegado, e non supoñan en ningún caso impedimento ou menoscabo do estrito cumprimento dos deberes da concelleira.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visado do sr. Alcalde, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, en Sada, a 30 de novembro de 2016>>.

Sada, 23 de xaneiro de 2017

O alcalde,

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández

2017/500